


Sumario | nº35 – Marzo 2024

OPINIÓN

O plan de investigación



8M
EDIUS



As mulleres na Escola de Doutoramento



EDIUS NOVAS

Unha nova cátedra abordará o deseño microelectrónico grazas á colaboración da USC e Televés



ENTREVISTA



«As investigadoras teñen máis dificultades para conseguir sexenios de investigación, dirixir proxectos ou asistir a eventos científicos»

Marta Pérez Pereiro, coordinadora da Oficina de Igualdade de Xénero da USC



EDIUS NOVAS

Nova técnica para estudar reaccións nucleares en explosións estelares



Hai paridade na EDIUS?




EDIUS

Xestión de incidencias durante o proceso de doutoramento



ENTREVISTA



Marta Rodríguez e Roi Méndez

EDIUS NOVAS

Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2024



EDIUS NOVAS

José Rodríguez González, nomeado 'Científico Galego do Ano' pola RAGC



«A evolución das redes sociais e os novos xeitos de comunicación fixeron que numerosos científicos e científicas opten por unha liña máis divulgativa e transversal para chegar a novos públicos»



EDIUS NOVAS


Bota a andar unha nova edición do curso de Habilidades comunicativas




EDIUS NOVAS

Axudas para completar a formación predoutoral 2024





As mulleres na Escola de Doutoramento





III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) foi unha das primeiras universidades españolas en crear unha Oficina de Igualdade de Xénero no 2006, adiantándose á Lei Orgánica 4/2007 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes; e a primeira universidade galega en contar cun plan de igualdade, coa aprobación en 2009 do I Plan Estratéxico da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (PEIOMH).

A **Oficina de Igualdade de Xénero** (OIX) ten como misión fundamental facer efectivo o compromiso da USC coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres, asumindo os principios de dignidade humana con independencia do xénero das persoas, e a igualdade e equidade de xénero como elementos fundamentais da actividade universitaria.

Plan de Igualdade de Oportunidades



Na actualidade, está vixente o **III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades**, que se basea na actualización do diagnóstico de igualdade da USC, xa que tras avaliar o II Plan de Igualdade fixéronse visibles novas necesidades e desigualdades aínda presentes na comunidade universitaria.

O III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (2021-24) abrangue 6 áreas de actuación (Cultura institucional; Docencia, investigación e transferencia; Presenza, promoción e representación; Conciliación corresponsable; Acoso e violencia de xénero; e Condicións sociosanitarias no traballo), 9 obxectivos xerais, 21 específicos e 85 accións, cada unha asociada a indicadores que permiten avaliar a súa implementación, servindo, ao tempo, de guía para adoptar decisións que optimicen o seu desenvolvemento. Ademais, neste plan indícanse as unidades responsables da execución das distintas accións, implicando así a toda a institución nun exercicio de corresponsabilidade no seu progreso e mellora.

Para a consecución dos obxectivos do III Plan seguen a ter vixencia os principios de actuación da Universidade de Santiago de Compostela que marcaron a elaboración dos anteriores plans, aos que se suman outros que veñen reforzar o compromiso da USC: responsabilidade social; igualdade, recoñecemento da maternidade e a paternidade como un valor social; conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral; presenza ou composición equilibrada en órganos e cargos de responsabilidade na Universidade; transversalidade de xénero; uso non sexista da linguaxe e da imaxe; investigación, innovación e docencia inclusivas; participación, xénero e igualdade.

Estes son os retos que enfrenta o III Plan:

- Dotar á Oficina de Igualdade de Xénero de persoal técnico especializado.
- Asignar un orzamento para o desenvolvemento do III PEIOMH.

 [Ir ao sumario](#)

- Elaborar estudos monográficos sobre as fendas de xénero na nosa universidade: traxectoria académica e profesional, conciliación, retribucións, usos do tempo.
- Velar polo emprego dunha linguaxe non sexista.
- Potenciar o apoio ás comisións de igualdade de xénero creadas nos centros.
- Acrecentarmos o número de doutoras honoris causa.
- Consolidar a oferta formativa en xénero para o persoal e o alumnado.
- Elaborar un diagnóstico sobre a incorporación da dimensión de xénero nas titulacións.
- Visibilizar as achegas das mulleres na investigación.
- Fomentar a inclusión da dimensión de xénero na docencia, na investigación e na transferencia.
- Velar pola paridade nos distintos órganos de goberno e de representación.
- Promover políticas que favorezan a conciliación e o avance na corresponsabilidade.
- Potenciar o plan de comunicación do Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero.
- Impulsar a implementación da avaliación de riscos psicosociais con perspectiva de xénero.

Mulleres e homes no doutoramento



Na actualidade, a Escola de Doutoramento ten matriculadas 2.493 persoas (faltan por contabilizar algunhas das que formalizaron a matrícula no segundo período). Deste total, 1.316 son mulleres (52,78%) e 1.177, homes (47,2%).

Se analizamos o reparto de matriculacións por xénero e áreas estes serían os datos máis destacados. Ciencias da Saúde é a área máis numerosa tanto en homes como en mulleres, representando o 33,5% do total de matriculacións deste curso. Pero mentres a porcentaxe de homes que cursan o doutoramento en Ciencias da Saúde é dun 25%, nas mulleres a porcentaxe supera o 40%.

No caso dos homes, Ciencias representa a segunda área máis numerosa das cinco existentes, cun 23,8%. Sen embargo, entre as doutorandas apenas su-





pón o 11,3%, véndose relegada ao cuarto posto. A segunda área máis numerosa nas mulleres é a de Ciencias Sociais e Xurídicas (24%), representando entre os doutorandos o 22,7%. A área con menos matriculacións nos dous sexos é a de Enxeñaría e Arquitectura (7,3%). Esta porcentaxe é de apenas un 5 por cento nas mulleres e dun 7,3% entre os homes.

Ao longo do pasado ano 2023, presentaron as súas investigacións 329 persoas, sendo o número de mulleres lixeiramente superior (171 fronte a 158).

H	1177
M	1316
Total general	2493

H	1177
Artes e Humanidades	217
Ciencias	280
Ciencias da Saúde	297
Ciencias Sociais e Xurídicas	268
Enxeñaría e Arquitectura	115
M	1316
Artes e Humanidades	245
Ciencias	149
Ciencias da Saúde	538
Ciencias Sociais e Xurídicas	317
Enxeñaría e Arquitectura	67
Total general	2493

Programa de Doutoramento en Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento	30
Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial	22
Programa de Doutoramento en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	25
Programa de Doutoramento en Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	20
Programa de Doutoramento en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	18
Programa de Doutoramento en Ciencia de Materiais	59
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química	120
Programa de Doutoramento en Ciencias Agrícolas e Medioambientais	20
Programa de Doutoramento en Ciencias da Visión	15
Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	14
Programa de Doutoramento en Ciencias Odontolóxicas	82
Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento	3
Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea	57
Programa de Doutoramento en Dereito	69
Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	25
Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	41
Programa de Doutoramento en Didáctica das Ciencias Experimentais	4
Programa de Doutoramento en Economía e Empresa	101
Programa de Doutoramento en Educación	97
Programa de Doutoramento en Endocrinoloxía	50

Programa de Doutoramento en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	17
Programa de Doutoramento en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	28
Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental	46
Programa de Doutoramento en Enxeñaría Termodinámica de Flúidos	1
Programa de Doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública	55
Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación	55
Programa de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa	10
PD en Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	45
Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura	57
PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	33
Programa de Doutoramento en Estudos Medievais	37
Programa de Doutoramento en Filosofía	40
Programa de Doutoramento en Física Nuclear e de Partículas	64
Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea	44
Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte	129
Programa de Doutoramento en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	23
Programa de Doutoramento en Investigación Agraria e Forestal	35
PD en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	31
Programa de Doutoramento en Investigación Clínica en Medicina	175
Programa de Doutoramento en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	97
Programa de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información	55
Programa de Doutoramento en Láser, Fotónica e Visión	12
Programa de Doutoramento en Lingüística	46
Programa de Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia	8
PD en Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	49
Programa de Doutoramento en Matemáticas	31
Programa de Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións	3
Programa de Doutoramento en Medicina e Sanidade Veterinaria	41
Programa de Doutoramento en Medicina Molecular	158
Programa de Doutoramento en Medio Ambiente e Recursos Naturais	31
PD en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	10
Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica	62
Programa de Doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	15
Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural	15
PD en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	18
Programa de Doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos	6
Programa de Doutoramento en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	8
Programa de Doutoramento en Turismo	23
Programa de Doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio	7
Programa de Doutoramento Europeo Conxunto Marie Sklodowska-Curie en Inhibición de Receptores de Adhesión Plaquetaria en Trombose/ European Joint Doctorate Marie Sklodowska-Curie in Targeting Platelet Adhesion Receptors in Thrombosis (Tapas)	1
Total general	2493






Respecto a las tesis las defendidas en el año 2023

H	158
M	171
Total general	329
H	158
Artes e Humanidades	29
Ciencias	29
Ciencias da Saúde	42
Ciencias Sociais e Xurídicas	33
Enxeñaría e Arquitectura	25
M	171
Artes e Humanidades	32
Ciencias	18
Ciencias da Saúde	80
Ciencias Sociais e Xurídicas	30
Enxeñaría e Arquitectura	11
Total general	329
Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial	2
H	2
Programa de Doutoramento en Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	5
H	2
M	3
Programa de Doutoramento en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	4
H	3
M	1
Programa de Doutoramento en Ciencia de Materiais	4
H	3
M	1
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química	14
H	8
M	6
Programa de Doutoramento en Ciencias Agrícolas e Medioambientais	1
H	1
Programa de doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	1
M	1
Programa de Doutoramento en Ciencias Odontolóxicas	8
H	1
M	7
Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea	10
H	7
M	3
Programa de Doutoramento en Dereito	9
H	5
M	4
Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	1
H	1



 [Ir ao sumario](#)

Os datos do último curso son semellantes aos dos anos anteriores. Segundo recolle o Diagnóstico de Igualdade da USC do ano 2020, é habitual que a presenza de mulleres nos estudos de doutoramento sexa maior que a de homes. No ano 2020 a presenza total de alumnado que pertencía ao terceiro ciclo era de 2.808 persoas, das cales as mulleres representaban o 53,21%. Con todo, produciase un decrecemento con respecto aos datos do anterior diagnóstico para o curso 2009-2010 no que mulleres eran o 55,64%.



Nese mesmo ano, as cifras globais nos estudos de doutoramento tamén agochaban diferenzas entre áreas de coñecemento. A matriculación de mulleres en programas de doutoramento era maior nas áreas de Ciencias da Saúde (63,98%), Ciencias Sociais e Xurídicas (52,15%) e Artes e Humanidades (55,16%), mentres que os homes consolidábanse como a maioría nas áreas de Enxeñaría e Arquitectura (65,92%) e Ciencias (61,11%).




Entre os programas de doutoramento, a maioría deles (un total de dezaseis) para o curso 2019/2020 eran paritarios. Nove eran os programas de doutoramento masculinizados, un deles cunha presenza de homes do 100% (o programa de doutoramento en Láser, Fotónica e Visión). Como programas de doutoramento feminizados había sete, estando a maioría relacionan con estudos da área de Artes e Humanidades.





O mesmo estudo sinala un considerable aumento na porcentaxe de mulleres que acadaran o título de doutora, pasando de representar o 41,86% no 2010 a un 51,97% no 2020, situándose como alumnado maioritario na obtención deste título.

Actualización do diagnóstico de igualdade na USC. 2020



[↩ Ir ao sumario](#)

Hai paridade na EDIUS?

Na Escola Internacional de Doutoramento da USC, podemos dicir que a paridade entre homes e mulleres é case un feito. Nos seguintes datos pódese comprobar que a diferenza na representación feminina e masculina é mínima.

Comité de dirección

	Mulleres	Homes
Comisión executiva	7	7
Coordinación	26	28
Representantes	7	16
PTGAS	1	0
Total	41	51

Comisión executiva		Mulleres	Homes
Órganos unipersoais	Dirección	0	1
	Subdirección	2	2
	Secretaría	1	0
	Coordinación académica	1	0
		④	③
Representantes de PDI dos PDs	Sección Artes e Humanidades	2	0
	Sección Ciencias e Enxeñarías	0	2
	Sección Ciencias da Saúde	0	2
	Sección Ciencias Sociais e Xurídicas	2	0
		④	④
Total		7*	7

*A coordinación de actividades académicas están, actualmente, desenvolvida por una das representantes de PDI.

Coordinación programas de doutoramento	Mulleres	Homes
Sección Artes e Humanidades	7	4
Sección Ciencias e Enxeñarías	6	11
Sección Ciencias da Saúde	7	5
Sección Ciencias Sociais e Xurídicas	6	8
Total	26	28

Representantes de doutorandos/as	Mulleres	Homes
Sección Artes e Humanidades	2	3
Sección Ciencias e Enxeñarías	1	9
Sección Ciencias da Saúde	2	1
Sección Ciencias Sociais e Xurídicas	2	3
Total	7	16

PTGAS	
Mulleres	1

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Marta Pérez Pereiro

Coordinadora
da Oficina de Igualdade
de Xénero da USC

«As investigadoras teñen máis dificultades para conseguir sexenios de investigación, dirixir proxectos ou asistir a eventos científicos»

Cales son os impedimentos para lograr a igualdade real entre homes e mulleres na contorna universitaria?

Son numerosos os atrancos que atopan as mulleres para desenvolver sobre todo a súa carreira investigadora, e todos eles derivan do sistema heteropatriarcal do que a universidade, como institución, tamén forma parte. Na universidade, ademais, o sistema xerárquico complica aínda máis as dificultades históricas que teñen as mulleres para poder acceder a certas posicións de responsabilidade. Os principais atrancos que se atopan ao longo da carreira docente e investigadora as mulleres teñen que ver co acceso á propia carreira, coa dificultade de conciliar a vida persoal coa profesional, sobre todo cando se teñen cargas familiares, un aspecto que non afecta, polo xeral, aos seus compañeiros, e a consolidación e, sobre todo, o acceso a cátedras e direccións de grupos e proxectos.

Por que cres que as mulleres seguen a ser menos nos postos de docencia e de investigación na universidade?

A Universidade de Santiago de Compostela ten xa unha plantilla bastante equilibrada en homes e mulleres e mesmo hai áreas de coñecemento como as Ciencias Sociais e Xurídicas nas que hai máis profesoras ca profesores. Isto non significa que non haxa desigualdades, nin que a presenza de máis mulleres garanta que non haxa, por exemplo, fenda salarial, ou que accedan a complementos de investigación nas mesmas condicións. Nun informe sobre as consecuencias da fenda salarial que estamos a piques de publicar o Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) e a Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) evidénciase que as investigadoras teñen máis dificultades para conseguir sexenios de investigación, dirixir proxectos ou mesmo para facer estadías ou asistir a eventos científicos porque sobre elas adoitan recaer os coidados e non hai medidas de conciliación suficientes. Tamén se transmite a idea, recollida en grupos de discusión de profesio-

[↩ Ir ao sumario](#)

nais da USC, que as mulleres fican con frecuencia fóra dos núcleos de discusión e poder, e que sobre elas recaen as tarefas administrativas que non teñen unha tradución directa a méritos sobre os que mellorar o seu currículum. Sen determinados fitos na carreira académica resulta imposible avanzar. Non se trata só de crebar o teito de cristal, senón de traballar en igualdade de condicións e naquelas condicións que as mulleres da institución desexen para si sen perder pulo no seu traballo.

«Non se trata só de crebar o teito de cristal, senón de traballar en igualdade de condicións e naquelas condicións que as mulleres da institución desexen para si sen perder pulo no seu traballo»

Será a igualdade plena unha realidade algún día?

O *Global Gender Gap Report* do Foro Económico Mundial de 2020 indicaba que a igualdade real estaba cando menos a un século de distancia. Hai institucións como a universidade que teñen a obriga de ser pioneiras no combate contra as desigualdades e neste tema un traballo intenso pode dar froitos con décadas de adianto. Para iso, cómpren políticas decididas, un investimento nestas políticas e a implicación de toda a comunidade universitaria, dende logo non só das mulleres.

O papel da muller na investigación

Falamos con dúas das doutorandas máis novas que actualmente están matriculadas na EDIUS para coñecer a súa opinión.



Lara Pazos Soto

Penso que o papel debería ser o mesmo que o dos homes, pero non o é. No meu caso, como formo parte dun grupo de investigación composto por mulleres (FoodChem-Pack), non percibo o que sucede noutros ámbitos, e por iso sei que son moi afortunada. No que respecta á representación, na miña carreira, Farmacia, a maioría de matriculadas eramos mulleres, sen embargo, atendendo aos altos cargos da investigación, a maioría son desempeñados por homes. Supoño que as cousas melloraron pero aínda queda camiño.



Lucía Aboal Castro

Para min, as mulleres na ciencia representan a oportunidade de cambiar o curso da historia polas que viñeron antes ca nós. Polas que loitaron por traballaren en laboratorios, quedaron ocultas tras o apelido dun home ou nunca foron estudadas nas escolas. As mulleres na ciencia avogan pola visibilidade da saúde feminina e crean referentes para as nenas que elas mesmas non tiveron. Pero, sobre todo, as investigadoras son exemplo da nosa influencia malia que non sempre se nos deixou ver.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Axudas para completar a formación predoutoral 2024



O pasado 19 de febreiro **publicouse no DOG a convocatoria de axudas para completar a formación predoutoral 2024**. O obxectivo destas axudas consiste na contratación de persoal nas súas etapas iniciais. Isto constitúe a base para que, mediante procesos formativos estables, o alumnado adquira as habilidades propias do persoal investigador, e ademais permite lograr que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable a outros países europeos.

Co fin de poder garantir a presentación de todas as solicitudes na data de finalización do prazo establecido pola Xunta de Galicia (19/03/2024) é imprescindible que toda a documentación necesaria para a presentación da solicitude estea subida á Sede Electrónica da Xunta de Galicia antes da seguinte data, **a partir das cales a USC non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo: 11-03-2024 ás 23:59 horas**.

Este programa de axudas procura a formación de persoas investigadoras para a obtención do título de doutora ou doutor e a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación dentro dun programa de doutoramento. Co obxecto de que as persoas investigadoras destinatarias destas axudas poidan acadar a mención de doutora ou doutor internacional, de acordo co establecido no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, fináncianse estadias de tres meses de duración no estranxeiro.

A duración do contrato non poderá ser inferior a un ano nin exceder os catro. Se se concertase un contrato de duración inferior a catro anos, poderá prorrogarse sucesivamente sen que, en ningún caso, as prórrogas poidan ter unha duración inferior a un ano. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que a persoa investigadora xa estivese contratada baixo esta modalidade e o tempo que reste até o máximo de catro anos sexa inferior a un ano, poderá concertarse o contrato ou a súa prórroga polo tempo que reste até os catro anos. A actividade desenvolvida será avaliada anualmente pola comisión académica do programa de doutoramento durante o tempo que dure a súa permanencia no programa, e o contrato poderá resolverse no caso de non superarse favorablemente esta avaliación.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS

Xestión de incidencias durante o proceso de doutoramento

O **Manual de Procesos da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)** explica a sistemática para rexistrar, xestionar e analizar as posibles incidencias (suxestións, queixas e reclamacións) que se presenten na EDIUS.

Calquera membro da comunidade universitaria pode presentar as incidencias que considere oportunas directamente no Programa de Doutoramento ou na Escola de Doutoramento, segundo a quen corresponda resolver. O/a director/a da EDIUS ou o coordinador/a é o responsable de comunicalas ao órgano competente para a súa xestión ou resolvelas internamente.

Para que quede plenamente autenticada e rexistrada a incidencia, a persoa interesada debe presentar a súa queixa ou reclamación a través da Oficina de Análise de Reclamacións segundo o procedemento especificado no proceso institucional PI-07 Xestión de incidencias (SQR).

Ao carecer as queixas e reclamacións da consideración xurídica de recursos administrativos, se o que desexa a persoa interesado é formular un recurso de alzada, debe facelo fronte á resolución que notifique o acordo da CAPD ou, de ser o caso, do órgano da EDIUS que corresponda, para o cal ten un prazo dun mes dese a data en que se lle notifique o acordo.

O estudiantado, de acordo coa normativa vixente para a avaliación do rendemento e revisión de cualificacións, terá dereito á revisión dos informes do seu plan de investigación e avaliacións anuais no prazo marcado para iso, coa presentación de reclamación motivada dirixida ao coordinador/a do seu programa de doutoramento.

TRAMITACIÓN

1

QUEIXAS FRONTE AO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

Unha vez recibida no programa de doutoramento a incidencia, presentada por calquera das vías mencionadas anteriormente, é o/a coordinador/a a persoa responsable da análise e toma de decisión sobre elas. As fases polas que deberán pasar as queixas, suxestións ou reclamacións son:

- 1**
- O/a coordinador/a é responsable de decidir se se admite a trámite. No caso de admitila, informará da incidencia á persoa ou órgano afectado dándolle un prazo para alegacións.
 - No suposto de que a incidencia non se tramite comunicarase á persoa interesada a causa da non tramitación.
 - Se a queixa, suxestión ou reclamación afecta a un acordo da CAPD, darase traslado da mesma para que a comisión resolva.
 - No suposto de que afecte a asuntos cuxa responsabilidade recaia en órganos alleos ao programa, o/a coordinador/a daralle traslado ao órgano competente.

No caso de que calquera persoa presente unha queixa, suxestión ou recurso a través doutra canle das establecidas no proceso institucional PI-07 Xestión de incidencias (SQR), o programa emitirá un informe a requirimento do órgano correspondente, que terá a obriga de informalo da resolución.

2 QUEIXAS FRONTE Á EDIUS

Unha vez recibida na EDIUS a incidencia, presentada por calquera das vías mencionadas anteriormente, é o/a director/a a persoa responsable da análise e toma de decisións sobre elas. As fases polas que deberán pasar as queixas, suxestións ou reclamacións son:

- O/a director/a é responsable de decidir se se admite a trámite.
- Se non se tramita, comunicarase á persoa interesada a causa.
- Se a incidencia afecta a un proceso para o que a Escola conta cunha comisión responsable, darase traslado á mesma para que a esta emita un informe que sirva de base á resolución. No caso de que afecte a un proceso baixo a directa responsabilidade do Equipo de Dirección da EDIUS, resolverá o director/a.
- No suposto de que afecte a asuntos cuxa responsabilidade recaia en órganos alleos á Escola, o/a director/a daralle traslado ao órgano competente.

Se a queixa, suxestión ou recurso é presentada a través doutra canle das establecidas no proceso institucional PI-07 Xestión de incidencias (SQR), a EDIUS emitirá un informe a requirimento do órgano correspondente, que terá a obriga de informalo da resolución.

Tanto as incidencias tratadas internamente pola EDIUS como polo Programa de Doutoramento, así como aquelas das que tivesen que informar a outros órganos, serán recompiladas ben polo/a coordinador/a do Programa ou polo responsable de calidade da Escola nun informe para a súa análise posterior pola Comisión de Calidade da EDIUS.

EDIUS **NOVAS**

Bota a andar unha nova edición do curso de Habilidades comunicativas

A USC lanza unha nova edición do curso de **Habilidades comunicativas** a través do seu servizo de Normalización Lingüística. Esta é unha actividade formativa dividida en tres módulos que poden cursarse de xeito independente. Cada un deles consta de 25 horas e será recoñecido con 1 ECTS por competencias transversais (lingua) para todas as titulacións.

O curso, impartido por medio de teledocencia na plataforma corporativa Teams, terá lugar ao longo deste segundo cuadrimestre do curso 2022-24 e está aberto a estudantes de calquera dos dous campus. Os tres módulos que se ofertan son redacción científica, falar en público e presentacións dixitais eficientes.

No módulo un tratarase a redacción científica. O obxectivo é mellorar a competencia escrita. Diríxese sobre todo ás persoas que se atopan no proceso de redacción dun documento científico: artigo, traballo académico de curso, traballo de fin de grao, traballo de fin de mestrado, proxecto de fin de carreira ou tese de doutoramento. Xa non é posible matricularse neste módulo.


Falar en público é o título do segundo módulo. O obxectivo é formar ao estudiantado nas ferramentas precisas para abordar a defensa oral dun traballo científico ou académico, a exposición dun relatorio nun congreso, ou a presentación dun proxecto perante unha administración ou unha empresa, entre



outros. A matrícula estará aberta os días 14 e 15 de marzo.

O terceiro módulo versará sobre 'Presentacións dixitais', co que se pretende que, nun mundo onde priman cada vez máis os recursos visuais, o estudiantado universitario saiba onde están as bases para crear presentacións con calidade e para lograr o efecto desexado: transmitir mellor o coñecemento científico. A matrícula poderá formalizarse os días 11 e 12 de abril. Máis información [nesta ligazón](#).

[↩](#) Ir ao sumario



Formación

Actividades Marzo 2024

Investigación cualitativa apoiada polo software ATLAS.ti

1, 8 e 15 de marzo de 2024

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matricula: do 16 ao 23 de febreiro de 2024

Horario: de 9:30 a 13:30h

Bases de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas

4, 5, 7, 11 e 13 de marzo de 2024

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matricula: do 19 ao 26 de febreiro de 2024

Horario: de 12:00h a 14:00 horas

Introdución a R, estatística e visualización

5, 7, 12, 14, 19 e 21 de marzo de 2024

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matricula: do 20 ao 27 de febreiro de 2024

Horario: de 16:30 a 18:30 horas

Deseño e preparación de presentacións


8 de marzo 2024 Presencial/online; 15 de marzo de 2024 online; 22 de marzo de 2024 online

Aula NORVET da Facultade de Veterinaria de Lugo

Matricula: do 23 de febreiro ao 1 de marzo de 2024

Horario: de 9:30 a 13:30 horas

 [Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades Marzo 2024

Three Minute Thesis: o pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz

11 e 12 de marzo de 2024
Facultade de Ciencias da Comunicación, Campus Norte, Santiago de Compostela; 11 de marzo: Aula 5; 12 de marzo: Aula de Informática 3
Matricula: do 26 de febreiro ao 4 de marzo de 2024
Horario: de 16:00 a 20:00 horas

Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer (2ª edición)

13, 14 e 15 de marzo de 2024
Actividade Online
Matricula: do 28 de febreiro ao 6 de marzo de 2024
Horario: de 9:00 a 12:00 horas

Resolución de conflictos

20 de marzo de 2024
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre
Matricula: do 6 ao 13 de marzo de 2024
Horario: de 10:00 a 15:00 horas

EDIUS NOVAS

O III Hackathon Social-Tech celébrase do 14 ao 16 de marzo



Os días 14 e 15 de marzo de 2024, de 16:00h a 20:00h, e 16 de marzo, de 9:30h a 13:30h, celébrarase na Aula 3 do Módulo A da Facultade de Ciencias da Educación, Campus Vida (USC), a terceira edición do Hackathon Social-Tech.

Nesta iniciativa pode participar calquera estudante da USC, grao, mestrado ou doutoramento, con ganas de aprender, compartir coñecementos e aportar valor á sociedade. Non é preciso ter coñecementos específicos. Os equipos serán formados o primeiro día e haberá un premio para os dous mellores proxectos.

O termo *Hackathon* resulta da unión dos conceptos "maratón" e "hacker", e refírese a unha experiencia de innovación aberta que busca alcanzar unha meta común de forma colaborativa, nun período curto de tempo.

As persoas participantes desenvolverán habilidades transversais, como a innovación, a comunicación e o traballo en equipo ou habilidades dixitais, todas elas competencias chave para futuros postos de traballo.

Este evento pretende involucrar aos estudantes no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas e sostibles aos retos que se nos propoñen cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) dando solucións nun período de tempo limitado, traballando en equipos multidisciplinares e cunha metodoloxía intensiva e presencial.

As solucións estarán encadradas no ámbito do emprendemento social, a sostibilidade e o potencial da tecnoloxía para resolver retos sociais. Ademais, participarán representantes de diferentes empresas que proporcionarán información sobre a metodoloxía e os retos. O programa divídese en día 1: “Da oportunidade á idea”, día 2: “Da idea á solución” e día 3: “Presentación e selección de proxectos gañadores”.

Para asistir tes que cubrir a [solicitud de inscrición](#) antes do 8 marzo ás 23:59h. Unha vez pechado o prazo de inscrición, a organización contactará coas persoas interesadas para confirmar a túa participación. A actividade está limitada a 30 prazos.

[Solicitud de inscrición](#)



[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Marta Rodríguez
e Roi Méndez

Investigadores/as
e profesores/as da
Facultade de Ciencias
da Comunicación
da USC

«A evolución das redes sociais e os novos xeitos de comunicación fixeron que numerosos científicos e científicas opten por unha liña máis divulgativa e transversal para chegar a novos públicos»

Marta Rodríguez Castro e Roi Mendez Fernandez, impartirán por segundo ano consecutivo o curso “Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz”. Entre os días 11 e 12 de marzo, tratarán de facer ver ao alumnado de doutoramento a importancia da divulgación como parte do traballo científico. Ademais, mostraranlle estratexias para unha comunicación científica eficiente e como poden adaptar discursos complexos ás dinámicas do pitch.

*Esta formación está especialmente indicada para as persoas que queiran participar na terceira edición do concurso Three Minute Thesis. O 30 de abril finaliza o prazo para que os doutorandos e doutorandas interesadas se inscriban e envíen os seus vídeos. **Nesta ligazón** pódese cumprimentar a ficha de inscrición e subir o vídeo. Falamos con Marta Rodríguez e Roi Méndez sobre a importancia desta formación:*

Despois da experiencia do ano pasado, como afrontades este novo curso?

Afrontamos o curso con moito ánimo e expectación. A experiencia do ano pasado foi moi positiva e agardamos que a deste ano non o sexa menos. A interacción co alumnado de doutoramento é sempre moi estimulante e agardamos outorgarlles novas ferramentas para mellorar a súa comunicación científica.

Cales credes que son as principais carencias do alumnado á hora de preparar un *pitch*?

A preparación dun pitch é algo complexo para o que, en moitas ocasións, o alumnado nunca recibiu ningún tipo de formación específica. Este formato breve engádelle á complexidade intrínseca de presentar unha información a necesidade dunha gran capacidade de síntese e de adaptación dos contidos a usuarios non expertos. En moitos casos, este é un exercicio que ao alumnado de doutoramento nunca se enfrontou e que polo xeral lle resulta complexo nun principio. No curso falaremos de todo o proceso, dende a preparación da narración, a determinación do público obxectivo ou a síntese de ideas ata a posta en escena e a gravación e edición dos *pitchs*.

↩ Ir ao sumario

E mudou o comportamento das vítimas?

Tras as investigacións realizadas na nosa universidade, podemos concluír que tanto PDI, PAS como alumnado consideran que os colectivos que teñen máis risco de sufrir acoso son o colectivo LGBT e o colectivo de mulleres. O alumnado percibe que sofren un maior risco que o resto de colectivos.

E as fortalezas máis destacables?

As dúas fortalezas máis importantes son, por unha banda, o profundo coñecemento que ten o alumnado de doutoramento da materia da súa tese e, por outro, o entusiasmo por contar e poñer en valor o que están a facer. O noso obxectivo é axudalos a transmitir ese coñecemento dun modo máis efectivo.

De que xeito as redes sociais están a condicionar a capacidade de comunicarnos?

As redes sociais ofrécennos a posibilidade de trasladar de forma directa as nosas propias mensaxes. Se ben é certo que poden volverse contornas hostís (desinformación, polarización, etc.), tamén son unha moi boa plataforma para tecer redes a partir de intereses comúns. Nas redes sociais hai toda unha comunidade disposta a divulgar o seu coñecemento, e estas permítenos facelo de forma máis informal, amplían os recursos comunicativos que podemos empregar e favorecen a conversa coa comunidade arredor dos nosos obxectos de estudo.

Mudou moito a comunicación científica nos últimos anos?

No mundo da comunicación todo está en continua evolución e cambio. Nos últimos anos, tal vez, o fenómeno máis destacable é o esforzo por un achegamento do coñecemento científico ao público lego na materia. A evolución das

redes sociais e os novos xeitos de comunicación fixo que numerosos científicos optasen por unha liña máis divulgativa e transversal para chegar a novos públicos que, anteriormente, non tiñan acceso a ese coñecemento. A aparición de fenómenos televisivos ou cinematográficos baseados en contornas ou fitos científicos, así como a pandemia e o proceso da súa superación a través da ciencia, subliñaron esta tendencia á vez que fortaleceron o interese da sociedade na investigación.

Por que os doutorandos e doutorandas se deberían animar a participar no concurso *Three Minute Thesis*?

Consideramos que este curso é moi interesante dende varios puntos de vista. Por unha banda, dende o punto de vista formativo, darémoslles algunhas claves para mellorar a súa comunicación e aprenderán o proceso e elementos a ter en conta na gravación e edición dunha peza audiovisual para a divulgación científica. Por outra banda, dende un punto de vista práctico e máis inmediato, a asistencia ao curso daralles ferramentas para a creación dun vídeo que lles permita presentarse ao concurso organizado pola EDIUS.

E por que é importante que asistan a esta formación?

É importante que asistan a esta formación porque é preciso aprender a contar o que estamos a investigar nas universidades para que ese esforzo investigador e os seus resultados cheguen á sociedade. A sociedade pon os recursos para que os investigadores/as nas universidades públicas poidamos realizar a nosa función e é preciso, non só que esta investigación reverta na sociedade, senón tamén saber contarllo, pois algo que non se coñece é algo que non existe.



**Carmela
Sánchez Carreira**

Membro da Comisión
Executiva da EDIUS
Ciencias Sociais
e Xurídicas

OPINIÓN

O plan de investigación

O proceso de xeración de coñecemento e maduración dunha tese de doutoramento consta de diferentes fases. A primeira delas é a elaboración do plan de investigación, no prazo de seis meses dende o inicio do doutoramento. Reco-méndase que se elabore antes para centrarse na tese e porque a súa aproba-ción é un requisito nas axudas públicas que financian o doutoramento.

O plan de investigación pode considerarse como a folla de ruta da investiga-ción que se desenvolverá nesa tese. Independentemente da modalidade de tese, o plan inclúe os seguintes apartados, ademais do título e resumo en varios idiomas: a) antecedentes ou estado da arte nunha temática; b) obxectivos, xerais e específicos, que se esperan lograr; c) metodoloxía ou como se realizará a investigación, indicando os métodos e procedementos que se prevén utili-zar; d) o centro no que se realizará; e) os medios dispoñibles; e) a planificación temporal, sinalando os prazos previstos para realizar as distintas tarefas; f) aspectos éticos e legais, dende os comúns ata os específicos requeridos en certas áreas do coñecemento, como diversas autorizacións; g) transferencia de resultados, dirixida a comunicar e compartir os resultados e cal sería o seu impacto social; e h) o plan de formación, aspecto novidoso, no que se indican con carácter xeral, as distintas actividades formativas que se prevé realizar. No eido administrativo, o plan ten que estar no idioma no que se redacte a tese e a aplicación limita os caracteres dos distintos apartados.

A viabilidade do plan no tempo previsto de tese é un aspecto clave para finalizar a tese nos prazos establecidos. Tamén é un documento vivo que se vai modificando, concretando e afinando como resultado da acumulación de coñecemento.

Ao igual que un mapa ou GPS un plan ben elaborado permite resituarse nos momentos difíciles, nos que se tende á dispersión, reconducindo os contidos ao obxectivo principal, ao fío condutor da investigación e a centrarse nas ache-gas e novidades da tese.

Por todo iso, o plan non debe considerarse un trámite administrativo, senón un primeiro paso importante que facilite o desenvolvemento da tese.

[← Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

José Rodríguez González, nomeado ‘Científico Galego do Ano’ pola RAGC



“Foi un científico no sentido moderno do termo e, para moitos, o primeiro de Galicia”

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) elixiu o matemático José Rodríguez González como ‘Científico Galego do Ano’, coincidindo co bicentenario do seu falecemento. A institución salienta que “foi un científico no sentido moderno do termo e, para moitos, o primeiro de Galicia”. A Academia destaca “a súa loita desinteresada pola ciencia”. Aínda que o acto central de homenaxe terá lugar o 8 de outubro no marco do ‘Día da Ciencia en Galicia’, durante todo o ano programaranse diversas actividades para dar a coñecer a súa figura e as súas contribucións ao conxunto da sociedade. Entre 1812 e 1814, José Rodríguez González foi o titular da cátedra de Matemáticas Sublimes na USC.

José Rodríguez González (Lalín, 1770 - Santiago de Compostela, 1824) é coñecido como “o matemático do Bermés” por ter nacido da parroquia lalinense de Santa María de Bermés, ou como “Matemático Rodríguez”. En Lalín ten unha rúa co seu nome e unha escultura do seu busto no campo da festa de Bermés. Foi un dos científicos europeos máis brillantes da súa época, con grandes achegas non só ás matemáticas, senón tamén á xeometría, á astronomía, á xeografía e á mineraloxía. [Máis información.](#)

↩ Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

Nova técnica para estudar reaccións nucleares en explosións estelares

Un artigo publicado na revista Physical Review Letters describe unha nova técnica para determinar e estudar as reaccións nucleares que teñen lugar en explosións estelares, como as supernovas. No traballo participou o investigador Yassid Ayyad, do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), centro mixto da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, que se encargou de desenvolver parte da análise e o marco de simulacións necesarias para interpretar os resultados. Estes datos abren, segundo o equipo encargado do traballo, unha nova vía para abordar unha serie de retos científicos, incluíndo a astrofísica e a física de neutrinos.

Tal e como explican os e as asinantes do traballo, estudar as reaccións

nucleares que se producen nas supernovas é esencial para coñecer a evolución do universo.


Actualmente, o equipo que lidera Yassid Ayyad atópase preparando un novo traballo relacionado con esta nova técnica. “Agora mesmo estamos a traballar para realizar un experimento similar en xullo deste ano, usando o mesmo dispositivo experimental, pero esta vez mediremos a resposta electromagnética do ^{11}Li , un núcleo moi exótico que se caracteriza por ser ter dous neutróns orbitando lonxe do núcleo. É o que se coñece como núcleo halo”, engade Ayyad. “Esta proposta está liderada polo noso grupo de investigación e servirá como tema de tese dun dos nosos estudantes”, conclúe.

Consulta o artigo [nesta ligazón](#).



EDIUS NOVAS

Unha nova cátedra abordará o deseño microelectrónico grazas á colaboración da USC e Televés



A nova Cátedra USC-Televés en deseño microelectrónico desenvolverase no marco do Proxecto Estratéxico de Microelectrónica e Semicondutores (PERTE Chip) co propósito de consolidarse como un pilar fundamental para o progreso neste campo. O Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións Infraestruturas Dixitais, acaba de anunciar a resolución das axudas do programa 'Cátedras Chip', entre as que se inclúe a nova iniciativa liderada dende a Universidade de Santiago de Compostela a través do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC (CiTIUS), e que conta coa colaboración da empresa tecnolóxica Televés. A iniciativa disporá dun orzamento

próximo aos dous millóns de euros. Deles, o Estado achegará preto de 1,6 millóns, mentres que os 300.000 euros restantes correspóndense co investimento directo da compañía.

Á fronte da coordinación estará Paula López, directora adxunta do CiTIUS. Será precisamente a empresa galega quen exerza a subdirección da Cátedra, a través da doutora Ana Peláez, directora de Maxwell Applied Technologies, filial especializada en microelectrónica dentro de Televés Corporación, o grupo tecnolóxico conformado por máis de 20 empresas no que Televés é cabeceira, dedicándose ao deseño, desenvolvemento e fabricación de produtos e solucións para infraestruturas de telecomunicacións en fogares, edificios e cidades de todo o mundo. [Máis información.](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2024

O prazo de presentación de candidaturas para os dous premios está aberto desde o 1 de marzo até as 15:00 horas do 30 de abril de 2024. Toda a información e bases da convocatoria pódese atopar na web da [RAGC](#).



A [Real Academia Galega de Ciencias \(RAGC\)](#), coa colaboración da [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) da Xunta de Galicia, convoca anualmente os Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia, para recoñecer casos de éxito en transferencia de coñecemento en Galicia e difundilos entre a cidadanía.

Co obxectivo de facer o proceso de presentación de proxectos máis doado, simplificáronse as bases e reduciuse o tamaño máximo das memorias. A tramitación das candidaturas faise de maneira telemática. Os destinatarios destes galardóns son os investigadores e investigadoras, así como as empresas na súa faceta máis aplicada e de transferencia de coñecemento.

Este premio consta de dúas modalidades. Por unha banda, o Premio Francisco Guitián Ojea, que quere galardoar un traballo de investigación aplicada. Dotado con 5.000 €, este premio pretende recoñecer a creación, a cargo dun grupo de investigación, dunha tecnoloxía aínda non transferida e da que se deriven claras aplicacións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia. A segunda modalidade é o Premio Fernando Calvet Prats, que recoñecerá un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía desde un grupo de investigación a unha empresa, dotado tamén con 5.000 €. Prémiasse conxuntamente ao grupo de investigación creador da tecnoloxía transferida e á empresa destinataria. Será válido calquera mecanismo de transferencia desde o grupo á empresa (adquisición de patente, proxecto conxunto, *spin-off*, etc.).

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A catedrática Rosa Crujeiras recibe o recoñecemento da Fundación Real Academia de Ciencias de España



A traxectoria desenvolvida pola catedrática da USC Rosa Crujeiras Casais no eido das matemáticas acaba de ser recoñecida no marco da cuarta edición dos premios ao talento científico feminino mozo que outorga a Fundación Real Academia de Ciencias de España (FRACE) xunto a Mastercard. En concreto, estes galardóns premian a profesora Crujeiras pola súa contribución á comprensión dos procesos que xeran datos complexos. “Estes premios axúdannos a converternos en líderes e ter un papel protagonista na toma de decisións sobre ciencia e investigación”, sinalou a catedrática da USC ao recoller a distinción. [Máis información.](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

O CiMUS incorpora a protonterapia como nova liña de investigación

O Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas da USC (CiMUS) amplía as súas áreas de investigación cunha nova liña de estudo, a protonterapia, sumando ao seu equipo a Yolanda Prezado, científica referente en París neste campo. Entre os seus obxectivos atópase catalizar a creación dunha comunidade a nivel autonómico e estatal que permita situar España na vangarda da investigación en radio e protonterapia e radiobioloxía.

“Polos seus profesionais, recursos, funcionamento e localización estratéxica, o CiMUS da USC é o ecosistema idóneo para amplificar a investigación neste campo que estaba a desenvolver no Institut Curie, en París, unha investigación que polo seu carácter transversal vai permitir establecer facilmente sinerxías cos distintos grupos deste Centro Singular. As especialidades en bioloxía, medicina e métodos de Drug Discovery do CiMUS son sumamente interesantes para ser aplicadas no campo da radioterapia”, comenta a científica.

[Máis información nesta ligazon.](#)



EDIUS NOVAS

8.º Encontro de Investigadores en Ciencias Xurísticas da Universidade do Minho

A **Escola de Investigadores do JusGov**, da Universidade do Minho (Portugal), convida a investigadores doutorandos/as en Dereito a formar parte nunha webinar que terá lugar o día 12 de xullo de 2024. O presente encontro ten como obxectivo rexistrar e divulgar o estado da arte da pesquisa xurística que actualmente se atopa en progreso e fomentar o intercambio e a discusión de ideas.

As persoas investigadoras interesadas en participar no encontro deberán enviar, até ao día 31 de maio de 2024, un resumo analítico, cunha extensión máxima dunha páxina, no que conste, de forma obxectiva, a proposta do tema de investigación que se vai abordar na webinar. Os resumos serán analizadas e seleccionadas pola Comisión Organizadora do evento, que, oportunamente, comunicará a decisión aos investigadores e investigadoras.

Atoparás máis información nesta [ligazón](#).



↩ Ir ao sumario



Teses

Febreiro 2024

Localizing' the 2030 Agenda: Analysis of the determinants of the disclosure of information on the Sustainable Development Goals by Spanish municipalities

MANUEL RIEIRO GARCÍA

Director/es: Beatriz Aibar Guzmán,
Cristina Aibar Guzmán

PD: Economía e Empresa

Data: 02/02/2024 - Presencial

Amministrare gli agroecosistemi. La rigenerazione rurale per il contrasto dello spopolamento nella prospettiva dell'intervento pubblico

ALICE DE NUCCIO

Director/es: Diana Santiago Iglesias,
Massimo Monteduro

PD: Dereito

Data: 02/02/2024 - Presencial

Resumo:

This research project aims to analyse, from different perspectives, the socio-demographic, political and geographical factors that influence the amount of information disclosed by Spanish municipalities in the period 2016-2021, with the aim of having an analytical basis for the implementation and monitoring of the fulfilment of the SDGs.

Resumo:

Il lavoro affronta lo studio dell'intervento pubblico in agricoltura come ambito materiale particolarmente rilevante per il contrasto dello spopolamento rurale. In primo luogo, tratta il coacervo delle misure di promozione dell'agricoltura nel quadro della Politica Agricola Comune dell'Unione europea. In secondo luogo, si focalizza sugli strumenti giuridici di accesso all'uso produttivo della terra nel diritto interno della Spagna e dell'Italia. A partire dai risultati di questa analisi, da ultimo, tenta di costruire un concetto giuridico che metta in luce come l'amministrazione degli agroecosistemi possa contribuire a contrastare lo spopolamento delle aree rurali: il concetto di servizi agroecosistemici.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en febreiro

Generación de un repositorio de datos de genotipado de muestras de población control española y diseño de un nuevo array para estudios de gwas

MARÍA SOLEDAD OTERO PIÑEIRO

Director/es: Ángel María Carracedo Álvarez

PD: Medicina Molecular

Data: 9/02/2024 - Presencial

Descubrimiento y optimización de nuevos agentes antitumorales empleando reacciones multicomponente

CARLOS CARBAJALES PÉREZ

Director/es: Alberto José Coelho Cotón, Eddy Sotelo Pérez

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 9/02/2024 - Presencial

Estudio de la actividad termogénica del tejido adiposo pardo en población con fenilcetonuria y controles sanos

NOEMÍ LÓPEZ REY

Director/es: Miguel Antonio López Perez, María De La Luz Couce Pico, Adela Urisarri Ruiz De Cortázar

PD: Endocrinoloxía

Data: 9/02/2024 - Presencial

 [Ir ao sumario](#)

Resumo:

Con esta tesis se ha pretendido generar un repositorio de datos de genotipado de muestras de población control española que se harán accesibles a la comunidad científica para sus estudios de asociación del genoma completo. Para ello hemos genotipado 3.169 muestras procedentes del Banco Nacional de ADN (BNADN) con un panel de genoma completo y de alta densidad. El análisis de los datos obtenidos permitirá caracterizar en detalle la población española y analizar incluso la existencia de variabilidad local a escala microgeográfica, así como caracterizar los diferentes patrones de estratificación poblacional en cuanto a variantes comunes y raras, parámetros que deben ser evaluados para el estudio de trastornos genéticos complejos.

Resumo:

Esta tesis abordó la aplicación de una estrategia multidisciplinar aplicada a la obtención de nuevos fármacos antitumorales que incluyó tres ejes fundamentales: por una parte, se estudió el diseño de nuevos fármacos de perfil antitumoral; por otra, se investigó el diseño y síntesis ad hoc de reacciones multicomponente (RMC) como herramienta de diversificación estructural para la síntesis de fármacos con perfil antitumoral y la evaluación farmacológica de los diversos prototipos sintetizados, el establecimiento de las relaciones estructura actividad (REA) preliminares y el análisis computacional que establece el modo de unión fármaco-diana.

Resumo:

En la tesis hemos estudiado la actividad del tejido adiposo en pacientes con fenilcetonuria, hiperfenilalaninemia moderada y controles sanos mediante video termografía infrarroja. Además, se investigaron las posibles correlaciones entre la temperatura corporal y del tejido adiposo pardo con parámetros metabólicos, hormonales, antropométricos y dietéticos en los distintos grupos. Los resultados obtenidos mostraron una correlación positiva entre el gradiente de temperatura del tejido adiposo pardo y la temperatura corporal periférica en los tres grupos, aunque los pacientes con fenilcetonuria mantuvieron la temperatura corporal a expensas de una mayor temperatura del tejido adiposo pardo.

Teses defendidas en febreiro

Staining susceptibility of microhybrid and nanohybrid composites on exposure to different color solutions

AZHEEN MOHAMAD M KH MOHAMAD KHARIB

Director/es: Abel García García, Cintia Micaela Chamorro Petronacci

PD: Ciencias Odontolóxicas

Data: 14/02/2024 - Virtual

Equilibración oclusal vs. Placebo para el tratamiento del dolor orofacial asociado a trastornos temporomandibulares. Ensayo clínico aleatorizado controlado con placebo

ALICIA LÓPEZ SOLACHE

Director/es: Urbano Santana Penin, Urbano Alejandro Santana Mora

PD: Ciencias Odontolóxicas

Data: 15/02/2024 - Semipresencial

3D pointcloud processing using artificial intelligence and high performance computing techniques

ALBERTO MANUEL ESMORÍS PENA

Director/es: Francisco Fernández Rivera, David López Vilariño

PD: Investigación en Tecnoloxías da Información

Data: 23/02/2024 - Presencial

Resumo:

Composite discoloration is considered one of the most significant disadvantages of dental restorations. The purpose of our study was to assess the color susceptibility of two aesthetic composite filling materials, Microhybrid composite Valux™ Plus and Nanohybrid composite Filtek™ Z250 XT, to different solutions and compare the results among different measurement methods Intraoral scanner, Easyshade Spectrophotometer, and Vita classic shade guide.

Resumo:

La tesis estudia si el tratamiento de equilibración oclusal mínimamente invasiva y la reducción del ángulo de guía lateral en el lado de no trabajo conduce a una reducción en la intensidad del dolor en los TMDs crónicos, así como su efecto sobre la apertura bucal máxima no asistida y el estrés psicológico. Concluye que el tratamiento de equilibración oclusal administrado en este estudio redujo en magnitud clínicamente importante y estadísticamente significativa la intensidad del dolor facial asociado con los TMD crónicos. La principal variable secundaria y síntoma clínico, máxima apertura bucal no asistida, aumentó significativamente en el grupo de tratamiento real en comparación con el tratamiento placebo, en el transcurso de 6 meses. No hubo eventos adversos graves.

Resumo:

Esta tese explora a aplicación de métodos de computación de altas prestacións e intelixencia artificial para afrontar distintas tarefas de interese relacionadas con nubes de puntos, xeralmente tridimensionais. As nubes de puntos constitúen un tipo de dato non estruturado o que fai do seu procesamento un desafío computacional de alta complexidade. Por un lado, os métodos de computación de altas prestacións resultan fundamentais para poder executar programas de computador nun tempo razoable. Polo outro, os métodos de intelixencia artificial permiten resolver certas tarefas xerais que xorden frecuentemente no procesamento de nubes de puntos como é o caso da clasificación punto a punto.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en febreiro

La normativa fiscal de la Comunidad Autónoma de Galicia sobre tributos cedidos por el Estado a la luz del Derecho de la Unión Europea

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ DONA

Director/es: Juan José Nieto Montero

PD: Dereito

Data: 23/02/2024 - Presencial

The dynamics of somatic retrotransposition in human cancer

SONIA ZUMALAVE DURO

Director/es: José Manuel Castro Tubio

PD: Medicina Molecular

Data: 23/02/2024 - Presencial

Desarrollo de películas compuestas respetuosas con el medio ambiente a base de quitosano

MARÍA FLÓREZ MORA

Director/es: Manuel Vázquez Vázquez,
Patricia Cazón Díaz

PD: Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias

Data: 23/02/2024 - Presencial

 [Ir ao sumario](#)

Resumo:

Galicia es una Comunidad Autónoma de régimen común en el innegablemente complejo sistema fiscal español, lo que implica, entre otras cuestiones, que en su sistema de financiación coexisten tributos propios creados y regulados por las potestades regionales con otros que le han sido cedidos por el Estado. Mediante la presente investigación se procede a efectuar un examen de las disposiciones dictadas por el legislador gallego sobre estas últimas figuras impositivas conforme a la normativa de la Unión Europea toda vez que, la pertenencia de España a la misma, implica el necesario cumplimiento por el Estado y las entidades territoriales en él incluidas del ordenamiento jurídico comunitario, tanto Originario como Derivado.

Resumo:

This doctoral project was conceived to explore the potential of long-read sequencing technologies and develop specific computational tools to overcome these limitations. First, we developed MEIGA, a novel computational method specifically designed to detect somatic retrotransposition events in long-read sequencing data in the context of cancer. MEIGA has proven to overcome current bioinformatics tools, being the most robust and accurate tool in detecting and characterizing somatic retrotransposition events.

Resumo:

La industria alimentaria, un sector en constante crecimiento, desempeña un papel importante en el mantenimiento de la seguridad y calidad de los alimentos. Los envases plásticos derivados del petróleo son los más utilizados, sin embargo su uso genera una serie de efectos medioambientales perjudiciales. Por ello, es importante el desarrollo de otras alternativas como las películas que recubren el producto alimentario, pudiendo consumirse como parte del producto o con su posterior eliminación. (...) El objetivo de este trabajo es desarrollar y caracterizar nuevas películas activas basadas en quitosano con propiedades mejoradas mediante la combinación con otros agentes activos naturales, y su aplicación en alimentos.

Teses defendidas en febreiro

Evolución clínica de los pretérminos menores de 32 semanas tratados con sulfato de magnesio como neuroprotector

MARCELINO PUMARADA PRIETO

Director/es: María Rosaura Leis Trabazo, José Ramón Fernández Lorenzo, María De La Luz Couce Pico

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 23/02/2024 - Presencial

Análisis del proceso de admisión y predicción del desempeño académico y profesional de futuros directivos del sector hostelero

ANDRÉS JAVIER RUMBO AMIGO

Director/es: Jesús Fernando Salgado Velo

PD: Psicología do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

Data: 23/02/2024 - Presencial

Process-to-Text: A Framework for the Automatic Generation of Natural Language Descriptions of Processes

YAGO FONTENLA SECO

Director/es: Alberto José Bugarin Diz, Manuel Lama Penin

PD: Investigación en Tecnoloxías da Información

Data: 28/02/2024 - Presencial

 [Ir ao sumario](#)

Resumo:

El objetivo es conocer la evolución clínica a corto, medio y largo plazo de los prematuros menores de 32 semanas de edad gestacional que han recibido tratamiento con sulfato de magnesio neuroprotector en el Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. El periodo de estudio se inicia desde el mismo momento de su instauración en diciembre de 2012 y finaliza en julio de 2017, abarcando un periodo de tiempo de reclutamiento de pacientes de 4 años y 7 meses. De la misma manera, se establece un grupo control que está compuesto por los niños menores de 32 semanas de edad gestacional, que han nacido en el mismo hospital, en el mismo periodo de tiempo y que no han recibido sulfato de magnesio prenatal por el motivo que fuese.

Resumo:

Esta tesis analiza el desempeño de futuros directivos del sector hostelero e identifica predictores que permiten mejores procesos de admisión y selección en facultades de hostelería y empresas. Se realizaron tres estudios primarios y un meta-análisis que han puesto a prueba un modelo predictivo del desempeño académico y profesional. Los predictores han sido inteligencia cognitiva, numeracy, competencia en inglés, entrevista de admisión, absentismo académico y sexo de los participantes (variable moderadora). Las variables criterio han sido el desempeño académico y ocupacional. Los resultados mostraron un buen soporte empírico para el modelo propuesto, siendo todas las variables relevantes para predecir el desempeño académico que, a su vez, es determinante del desempeño ocupacional.

Resumo:

Despite the efforts of the Process Mining community, the effective presentation of process data and the understanding of process mining results still remains an open challenge. In this context, an increasing need to endow and integrate Process Mining with methods that allow for the effective communication of relevant process information in a comprehensible manner arises. In this thesis we propose a series of solutions for enabling the communication of process knowledge in the form of natural language descriptions. We propose a taxonomy of natural language explanations of a process backed by a fuzzy protoform-based model which is validated by experts in the frame of a case-study within the healthcare domain.

Teses defendidas en febreiro

Analytical assessment of the impact of microplastics, perfluoroalkylated substances, and related chemicals on human and environmental health

JAVIER LÓPEZ VÁZQUEZ

Director/es: María Del Rosario Rodil Rodríguez, José Benito Quintana Álvarez

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 28/02/2024 - Presencial

Resumo:

This thesis considers several aspects on the determination of MPs, PFAS and plastic-related chemicals in the environment. This involves the development of a novel density separation and NMR quantification method. Additionally, the research conducted aims to identify compounds associated with MPs exposed to the marine environment. In the subsequent phase, the study delves into the assessment of phthalate acid esters (PAEs) and bisphenol A (BPA) associated to MPs introduction into both human and environmental organisms, by calculating their bioaccessibility through in-vitro simulations with established methods. Finally, the implementation of a novel regulation (Directive 2020/2184/EU) PFAS in drinking water necessitates the development of methodologies for their quantification and the development of novel removal technologies, as e.g. using anodic electrochemical oxidation, that can safeguard human and environmental health.

Morfodinámica, Reconstrución paleoambiental e Xestión do Illote Areoso (Ría de Arousa)

DANIEL CAJADE PASCUAL

Director/es: Manuela Costa Casais, Ramón Blanco Chao

PD: Historia, Xeografía e Historia da Arte

Data: 29/02/2024 - Presencial

Resumo:

Estúdase a morfodinámica, evolución paleoambiental e xestión do medio costeiro do illote Areoso, situado na parte central da ría de Arousa (NO da Península Ibérica). As catro facies sedimentarias identificadas (continental, intermareal, praia-duna e eólica) estableceron a relación entre os cambios no nivel do mar e a variación das condicións ambientais. Os resultados alcanzados serviron para desenvolver un modelo de xestión encamiñado a manter o equilibrio entre conservación e uso público.

Interacciones en nanomateriales magnéticos y su influencia en aplicaciones biomédicas y tecnológicas

PELAYO GARCIA ACEVEDO

Director/es: José Rivas Rey, Yolanda Piñeiro Redondo

PD: Ciencia de Materiais

Data: 29/02/2024 - Presencial

Resumo:

En la tesis se investiga el papel de las interacciones de sistemas nanoestructurados magnéticos y su influencia tanto en aplicaciones tecnológicas como en biomédicas. Por un lado, la interacción de canje, mediante el efecto exchange bias, en sistemas de nanopartículas huecas, profundizando en los mecanismos que lo generan y su modulación mediante parámetros externos. En segundo lugar, se diseñó un sistema modelo basado en nanopartículas magnéticas que permitió obtener la constante de anisotropía libre de interacciones dipolares, clave para la mejora de la relajación de Néel en hipertermia magnética. Por último, la variación en los parámetros de diseño y métodos sintéticos permitió explorar la aplicación de las nanopartículas magnéticas como agentes ópticos y agentes terapéuticos en hipertermia magnética.

[↩ Ir ao sumario](#)

«Hai unha gran desconexión entre o que se ten demostrado científicamente e o que a gran maioría de xente cre»

Lynn Margulis

nEDIUS

Editada por Escola de Doutoramento
Internacional da USC (EDIUS),
Santiago de Compostela

Coordinación:
Miguel Tüñez

Revisión lingüística:
Gisella Costas López
*PD Estudos da Literatura
e da Cultura*

Copy:
Clara Castilla

Deseño:
nudobrand

Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)

881814360 / 14361
edius@usc.es

Casa dos Catedráticos. Av. das Ciencias, 6
15782 Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1550-2020
ISSN 2792-6079



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

*Actividade financiada polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura,
Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i.*